

Silleda, 3 - 5 setembro 2021

TUREXPO GALICIA

X salón turístico de Galicia



VII Feira de Festas de Interese Turístico

organiza:



Feira Internacional de Galicia ABANCA




www.turexpo Galicia.com



Aproveite todas as oportunidades que ofrece o salón para xerar negocio

TUREXPO GALICIA ponse de novo en marcha cunha edición especial, pensada para revitalizar a súa empresa ou destino coa máxima seguridade para todos os participantes:





A nosa **Bolsa de Contratación**, unha magnífica **plataforma comercial** que poñemos á súa disposición

As mesas de negocio de Turexpo Galicia propiciaron na última cita 2.800 encontros con 47 operadores turísticos de 11 países, con excelentes resultados.

En 2021 a Bolsa de Contratación poñerá todo o seu empeño en apoiar a entidades como a súa na creación de alianzas comerciais:



Seleccionará operadores nacionais e internacionais cun interese aínda maior para os participantes.



Incorporará máis países emerxentes como emisores de turismo para multiplicar as súas posibilidades.



Optimizará ao máximo as axendas de reunións en función das preferencias para garantir eficacia ao mínimo custo.



Unha cita pensada para que multiplique resultados



TUREXPO GALICIA reforzará a súa dobre orientación, indispensable nestes momentos para aumentar opcións de negocio coa canle de distribución e o viaxeiro.

O seu programa unirá vistosas propostas para público con outras orientadas a profesionais, como as **II Xornadas de Turismo Ibérico**: un foro imprescindible onde reputados técnicos, empresarios e representantes institucionais de España e Portugal analizarán a situación do turismo na península.

Unha excelente formulación á que se engade a celebración deste salón no marco da emblemática feira Abanca Semana Verde de Galicia, coa que ten sumado decenas de miles de visitantes nas anteriores citas.



Se quere mostrar o atractivo das súas festas, **FESTUR** é o seu sitio

FESTUR segue gañando notoriedade como espazo de promoción das festas de interese turístico. E nesta nova edición quere contribuír máis que nunca a promocionalas, tamén as do seu municipio.

A súa área expositiva combinarase con exhibicións e degustacións para destacar a vistosidade e singularidade destas celebracións con selo.

Será unha magnífica ocasión para convencer a un público moi numeroso de que acuda a estas festas e incremente o turismo na súa localidade.



¿Onde se celebra TUREXPO GALICIA ?

Terá lugar na Feira Internacional de Galicia ABANCA, o maior parque de exposicións do noroeste peninsular.


O recinto está situado na localidade de Silleda, a un paso da súa cidade de referencia, Santiago de Compostela.

Conta cunhas magníficas infraestruturas: máis de 400.000 m² de superficie, dos cales destínanse a exposición 35.000 m² cubertos (distribuídos en varios pavillóns) e 55.000 m² ao aire libre, ademais de 27.000 m² de zonas verdes.

Os seus pavillóns, o seu auditorio, as súas múltiples salas e os seus espazos exteriores confírenlle unha gran versatilidade. A eles súmanse os seus amplos aparcamentos, un ring verde e mesmo un heliporto, o que lle permite adaptarse a todo tipo de eventos e necesidades.



Feira Internacional de Galicia ABANCA



¿Cando e como terá lugar a feira ?



Datas

3-5
setembro 2021



Horarios

Venres:
De **10:00** a **20:00** horas
Fin de semana:
De **10:00** a **21:00** horas



Carácter

**Profesional e
Público xeral**



Ámbito

Internacional



Contacte con nós

Xestión comercial, contratación de servizos e publicidade/patrocinios

Elena Vázquez Conde

☎ 629 835 877

✉ turexpo@feiragalicia.com

Dirección comercial

José Carlos Rodríguez Salgueiros

☎ 619 342 085

✉ josecarlosrodriguez@feiragalicia.com

Xestión e coordinación de actividades

Marisú Iglesias Otero

☎ 629 565 371

✉ marisuiglesias@feiragalicia.com